



R, recoñecida pola súa xestión ambiental de cero emisións de carbono

- ***R reduciu o 96 % das súas emisións de carbono en só tres anos.***
- ***Ademais, conseguiu a renovación das certificacións ambientais coas normas ISO 14001 de Xestión Ambiental e Regulamento Europeo EMAS.***
- ***Este obxectivo de cero emisións netas, fixado no Acordo de París, acadouse moito antes do ano 2050, e amosa o compromiso da empresa coas mellores prácticas ambientais.***

Xoves, 19 de maio de 2022. R foi recoñecida pola súa xestión ambiental ao acadar o obxectivo de **cero emisións netas de carbono** e co certificado de Xestión Enerxética ISO 50001, norma que reflicte o bo desempeño enerxético da organización e a súa axuda para xestionar e reducir o consumo de enerxía. O certificado de cero emisións foi expedido por CEROCO, pertencente á Fundación ECODES, cuxo obxectivo é lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e o cumprimento do Acordo de París.

Conseguir cero emisións netas de carbono significa, ademais de ter un balance neutro de CO₂, reducir as devanditas emisións ao máximo e, polo menos, cunha traxectoria orientada a limitar o quecemento global a 1,5 °C. Para unha empresa isto implica, ademais, lograr un estado en que a súa cadea de valor non provoque ningunha acumulación neta de dióxido de carbono na atmosfera, compensando as emisións residuais a través de proxectos de **plantación de árbores**.

R reduciu as súas emisións de carbono nun **96 % en só tres anos**, pasando de 7.159 toneladas de CO₂ en 2018 (aplica a Alcance 1 e 2, con Alcance 3 só para auga, papel e tónor), a preto de 300 toneladas en 2021, que a compañía compensou con plans de reforestación.

Ademais do certificado de Xestión Enerxética ISO 50001, **R** superou con éxito a auditoría de seguimento e renovación das certificacións ambientais coas normas ISO 14001 de Xestión Ambiental, Regulamento Europeo EMAS. Unha auditoría que incluíu a verificación das Declaracións Ambientais de Euskaltel, **R** e Telecable.

Referente no sector en materia de medio ambiente

Estas certificacións sitúan a **R** como referente no sector das telecomunicacións en materia de medio ambiente, responsabilidade social e bo goberno corporativo. Ademais, permiten demostrar o compromiso do operador galego coa contorna e a loita contra o cambio climático, buscando unha xestión eficiente de recursos, como se recolle na Política de Sostibilidade da compañía.

Este obxectivo de cero emisións netas, fixado no Acordo de París, acadouse moito antes do ano 2050 e trátase doutro exemplo do compromiso da empresa coas mellores prácticas ambientais.

A estratexia de **R** neste sentido baséase na súa transformación cara a un modelo de negocio responsable, que lles dea prioridade á neutralidade de carbono e á redución de emisións mediante o emprego de **enerxías menos contaminantes** e o **uso eficiente e responsable dos recursos**. A compañía desenvolve esta estratexia a través de tres liñas principais de actuación: loita contra o cambio climático e consumo eficiente de recursos; circularidade e xestión de residuos electrónicos dándolle prioridade á reutilización dos equipos fronte á reciclaxe ou a eliminación; e fomento de certificacións e iniciativas ambientais.

R na “Alianza pola Recuperación Verde”

Así, **R** sumouse á “Alianza pola Recuperación Verde” para unha recuperación económica da Unión Europea máis sostible tras o forte impacto provocado pola crise da COVID-19.

Este manifesto apóiase no Pacto Verde Europeo (*European Green Deal*) como estratexia de crecemento baseado en tres alicerces: **digitalización, descarbonización e resiliencia**, entendendo que a competitividade e o medio ambiente van da man, porque se non hai sostibilidade ambiental non hai sostibilidade económica ou social. Todos os asinantes deste manifesto: empresas, institucións, ONGs, personalidades do ámbito público e privado e cidadáns anónimos apoian unha recuperación cara a unha economía máis sostible e robusta e reclámanlles aos gobernos e aos líderes europeos que deseñen políticas de tránsito a prol dunha economía e dunha sociedade máis verdes, máis prósperas, saudables e sostibles no tempo.

En todo o desenvolvemento da súa estratexia empresarial, **R** guíase polas directrices proporcionadas polo Pacto Mundial, o Acordo do Clima de París, a Axenda 2030 e os ODS como pancas transformadoras para acadar un mundo máis sostible.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal